



## A ÁREA SANITARIA DE VIGO ENSINA TÉCNICAS DE REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR A MÁIS DE 800 ESTUDANTES

- *Un equipo de profesionais do servizo de Medicina Intensiva do Álvaro Cunqueiro desprazouse onte a varios centros educativos da Área de Vigo para mostrar as técnicas de RCP a 450 estudantes*
- *O centro de saúde de Ponteareas tamén desenvolveu unha actividade docente con 400 nenos e nenas*
- *Con estas accións conmemórase o Día Mundial da Resucitación Cardiopulmonar, que ten como obxectivo divulgar a importancia de aplicar estas técnicas para salvar vidas*
- *As técnicas de RCP poden elevar as taxas de supervivencia un 40% tras parada cardíaca, cando se inician desde o minuto cero por persoas coñecedoras destas manobras*

**Vigo, 17 de outubro de 2023.** Con motivo da celebración do Día Mundial da Resucitación Cardiopulmonar, profesionais sanitarios da Área Sanitaria de Vigo desenvolveron onte diversas actividades informativas e formativas dirixidas a máis de 800 estudantes, co obxecto de sensibilizarlles da relevancia e repercusións da morte súbita cardíaca e estimular a educación sanitaria entre a poboación nas técnicas de Resucitación Cardiopulmonar (RCP).



Neste senso, un total de 18 profesionais sanitarios -médicos, enfermaría e TCAEs -do servizo de Medicina Intensiva do Hospital Álvaro Cunqueiro achegáronse onte a varios centros educativos para dar a coñecer a 450 estudantes as nocións básicas da reanimación cardiopulmonar. Os centros aos que acudiron foron os CEIP Atín e o Colexio Lar de Mos; o CEIP Covaterreña en Baiona; e os Colexios As Acacias e Barreiro en Vigo.

### **Centro de saúde de Ponteareas**

O centro de saúde de Ponteareas tamén desenvolveu unha actividade docente xunto co Concello de Ponteareas, e en colaboración con diversas asociacións como Avelaiña e



a Asociación de Técnicos de Emerxencias Sanitarias. Así, amosaron estas técnicas a máis de 400 nenos e nenas no *Auditorio Reveriano Soutullo*.

Desde a Área Sanitaria de Vigo agradecéselle esta iniciativa a todos os profesionais que onte participaron nestas actividades, moi concienciados coa importancia e necesidade de informar e formar á poboación neste tema, e que están a realizar un esforzo para compaxinar o seu traballo asistencial coa educación en saúde á cidadanía.

### Unha rápida intervención eleva a supervivencia un 40%

A principal causa de paro cardíaco, de aparición repentina e inesperada nunha persoa que aparentemente se atopa en bo estado de saúde, é o infarto agudo de miocardio, que provoca una fibrilación ventricular (arritmia que ocasiona que o corazón perda a súa capacidade de contraerse de forma organizada, polo que deixa de latexar). A persoa que sofre un paro cardíaco e non é atendida rapidamente pode morrer ao cabo duns minutos.

Segundo organismos internacionais, para que a supervivencia por paro cardíaco aumente, ao redor do 20% da poboación debería estar formada en técnicas de Resucitación Cardiopulmonar.



Así pois, considerando que a supervivencia de moitas vítimas depende da Reanimación Cardiopulmonar e da desfibrilación precoz, e tendo en conta que a intervención dentro dos 3-4 primeiros minutos aumenta as posibilidades de supervivencia a máis do 40%; cómpre aumentar a porcentaxe de persoas formadas en RCP. Ademais, os primeiros minutos son fundamentais non só para a supervivencia senón para reducir as secuelas.

Neste contexto, o principal obxectivo destes obradoiros é dar a coñecer a cadea de supervivencia incidindo nos tres primeiros elos. A mensaxe é sinxela: como reiniciar un corazón en tres pasos: **Comproba**, que o paciente non responde e non respira; **Chama**, pide axuda correctamente (112 ou 061); e **Comprime**, inicia a masaxe cardíaca de xeito continuado e coa técnica correcta.